

Avogacia.org (CAG)

-- Especiais - Premios xurídicos do CAG --

Premios xurídicos do
CAG



**Gañadores da III Edición dos
Premios "Pedro González" e
"Amando Losada"**

domingo 5 de marzo do 2006



No pasado Pleno do día 24 de febreiro do Consello da Avogacía Galega que tivo lugar en Santiago de Compostela, o xurado dos Premios xurídicos do CAG fixo a proposta de gañadores da súa III Edición (ano 2005) que foi aprobada conforme [\[1\] as bases desta III Edición](#) correspondente ao ano 2005.

O premio "Pedro González", foi instituído en memoria da salientable figura de quen fora decano do Ilustre Colexio de avogados de Lugo, e pretende recoñecer a traxectoria profesional daquelas avogadas e avogados que se teñan significado pola defensa da nosa lingua no exercicio profesional.

O Premio "Amando Losada", instituído en memoria do avogado tamén do Colexio de Lugo, premia ao mellor artigo xurídico e vai destinado a avogados de menos de trinta e cinco anos ou alumnos das escolas de práctica xurídica.

Premio >

O Consello resolveu outorgarlle o «Premio xurídico Pedro González», baseándose nos seus méritos e como recoñecemento á súa longa traxectoria profesional en defensa do uso da lingua galega, tal como se expresa na proposta remitida polo Colexio de Avogados da Coruña, propoñente da súa candidatura a

Don José Portos Freire

Premios >

Primeiro premio

Ao declararse empate nas votacións o Consello decidiu proclamar gañadores *ex aequo* os seguintes traballos:

- ▶ «[As empresas "consumidoras" ante a Lei 23/2003 de garantías de venda de bens de consumo](#)» e
- ▶ «[O imposto galego sobre contaminación atmosférica](#)»

E dos que, abertas as plicas, resultaron ser autores, respectivamente:

Don Iago Pásaro Méndez e don Javier Constenla Vega

Segundo premio

O Consello decidiu declarado deserto e acumular a contía deste na do primeiro, daquela, único.

Desta maneira o Consello felicita os gañadores e convoca o acto de entrega dos premios que terá lugar no ICA de Lugo.

A entrega dos premios está prevista na cea do día da festividade do Ilustre Colexio Provincial de Lugo, o día 17 de marzo, ás 22.00 h.

Notas :

Os Premios foron instituídos polo Consello da Avogacía e contan co copatrocinio da Xunta de Galicia



Secretaría Xeral de Política Lingüística

Máis información na [Sección dos Premios](#)

[1] 10. Resolución.- O premio será concedido polo Consello da Avogacía Galega segundo a proposta do xurado, que poderá valerse de profesionais ou técnicos tanto do ámbito xurídico como lingüístico. Por proposta do xurado, estes profesionais ou técnicos poderán participar nas deliberacións, con voz pero sen voto. A decisión do xurado adoptarase no prazo de tres meses contados a partir da finalización do período de presentación ou remisión das obras, e será inapelable. A resolución publicarase a través do web do CAG e nos taboleiros de anuncios dos colexios de avogados. Comunicaráselle persoalmente ao premiado ou premiados, así como á Secretaría Xeral de Política Lingüística. O premio poderá declararse deserto.